

ACORDOS NÚMERO 21/2017
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DÍA 11 de outubro de 2017

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:00 horas, do día once de outubro de dous mil dezasete, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a. Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretaria:

D^a Ana Beatriz Oveja Villafañe

ORDE DO DIA

- 1- APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE A SESION ANTERIOR LEVADA A CABO.-
- 2- ESCRITOS VECIÑOS.-
- 3- SOLICITUDE DE ALTA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.-
- 4- APROBACION PRESUPOSTOS AMPLIACION RED ABASTECIMIENTO EN CAMPO DE ARRIBA-TORDOIA E VILARCHAN-CABALEIROS.-
- 5- MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL Nº 10 REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACION DE AUGA POTABLE E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS/ PREZO PUBLICO.-
- 6- APROBACION DE FACTURAS.-
- 7- APROBACION DA CONTA XUSTIFICATIVA DA AEROTERMIA DO CONCELLO DE TORDOIA.-
- 8- APROBACION DA CONTA XUSTIFICATIVA DA AEROTERMIA DO CENTRO DE SAUDE DESTE CONCELLO.-
- 9- CERTIFICACIONES DE OBRA.-
- 10- INFORMACIONES DA ALCALDIA.-
- 11- ROGOS E PREGUNTAS.-

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE A SESION ANTERIOR LEVADA A CABO.-

Acordos adoptados:

1. Aprobar a acta da sesión ordinaria anterior que tivo lugar o 27/09/2017.

2.- ESCRITOS VECIÑOS.-

1. Recíbese escrito das seguintes veciñas de parroquia de Viladoabade, dona A.A.A. e dona B.B.B., solicitando que se alfalte e se abra ao público un camiño parcelario “As Quenllas” sito no lugar de Castro parroquia de Viladoabade.

Acordos adoptados:

Realizar informe técnico e informe xurídico.

2. Recíbese escrito de don C.C.C. comunicando a caída dun muro pertencente aos terreos do Igresario da parroquia de Viladoabade sobre unha finca da súa propiedade, solicitando a retirada inmediata do mencionado muro da súa parcela, e denuncia así mesmo o perigo dunha nova caída dos restos do muro.

Acordos adoptados:

Retirar o material caído na parcela pola brigada de obras deste concello.

3. Recíbese escrito de don D.D.D., comunicando que é propietario da parcela rústica al sitio de FRANCÉS deste termino municipal con referencia catastral XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX, colindante coa carretera provincial de Agro do Mestre a Tablilla. Solicitando que se teña por presentado o escrito, se admita e, conforme ao mesmo teña por formulada denuncia nos termos que anteceden, acordando su tramitación en defensa dos bens demaniales deste concello.

Acordos adoptados:

Realizar informe técnico, e xurídico.

4.- Recíbese escrito de dona E.E.E., comunicando que é propietaria da parcela XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX, inmovible sito no lugar de A Eirexe parroquia de Tordoia, solicitando:

- informe sobre o Plan Xeral de Ordenación Municipal, proxecto o instrumento equivalente aprobado e, de ser o caso, vixente en que se contemple a obra de execución do solado de parte da súa parcela.

- Se informe/notifique sobre procedemento de calquera tipo que se houbera tramitado o se vaia a tramitar que poidan afectar á parcela en cuestión (tales como procedemento que se houbera tramitado o a tramitar para a obtención do terreo afectado pola obra).

- Copia íntegra de ditos expedientes e, en xeral de calesqueira documentos en que se base o Ente local para a execución da obra e afectación ao dominio público viario de parte da miña parcela.

Acordos adoptados:

Realizar informe técnico e xurídico.

3.- SOLICITUDE DE ALTA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.-

Acordos adoptados:

1. Autorizar a conexión ao abastecemento da rede de augas municipais, previa liquidación das correspondentes taxas, debendo cumprir o cumprimentado no informe do servizo municipal de augas.

- F.F.F., con domicilio no lugar Vilarchan parroquia de Cabaleiros

- G.G.G., con domicilio no lugar de Seixan parroquia de Cabaleiros

- H.H.H., con domicilio no lugar de Casaldabade, parroquia de Cabaleiros

- I.I.I., con domicilio no lugar de Arcai de Abaixo, parroquia de Gorgullos

4.- APROBACION PRESUPOSTOS AMPLIACION RED ABASTECIMIENTO EN CAMPO DE ARRIBA-TORDOIA E VILARCHAN-CABALEIROS.-

Acordos adoptados:

1. Aprobar os presupostos polo importe indicado:

Presupostos que presenta Viaquia, empresa encargada do servizo de augas deste concello para as seguintes obras:

- presuposto de data 31-ago-17 para a ampliación red abastecemento en Campo de arriba - Tordoia, por un importe de 944,22€.-

- presuposto de data 03-oct-17 para a ampliación de rede de Vilarchán - Cabaleiros, por un importe de 1.195,90€.-

5.- MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL Nº 10 REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACION DE AUGA POTABLE E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS/ PREZO PUBLICO.-

Infórmase polo señor alcalde do escrito de Viaqua nº rexistro entrada 1259, en relación a revisión das tarifas de auga e saneamento, a taxa por variación da titularidade, así como os prezos de realización de acometidas de auga e a rede de sumidoiros, para a súa aplicación dende o 1 de xaneiro de 2018, segundo a variación que experimentou o IPC do 1,1%.

6.- APROBACION DE FACTURAS.-

Acordos adoptados:

1. Aprobar as facturas relacionadas por un importe total de 131.448,17€

2. Ordear a Tesourería Municipal que proceda ao pago previa intervención formal da Intervención das cantidades das facturas relacionadas por un importe de 131.448,17€

Nº Entrada	FACTURA	IMPORTE	TERCERO	APLICACION
F/2017/1695	1- 017046	1.246,52	SYR-AMG, S.L.	2017 1531 21000
F/2017/1696	1- 017047	1.329,87	SYR-AMG, S.L.	2017 1531 21000
F/2017/1703	EO0000 151	31.000,01	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	2017 1532 61904
F/2017/1704	EO0000 149	30.315,53	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	2017 1532 61900
F/2017/1719	GR0001056	1.240,00	GASOLEOS LA TABLILLA, S.L.	2017 920 22103
F/2017/1740	1700311	2.150,84	ALMACENES PALLAS, S.L.	2017 1531 21000
F/2017/1748	18/17	2.178,00	CASTRO PRADO GONZALO	2017 920 22706
F/2017/1755	1 12	21.930,35	CANCELA SUAREZ VICENTE	2017 1531 21000
F/2017/1760	1 201786	21.217,35	BARREIRO VAZQUEZ JOSE RAMON	2017 920 62200
F/2017/1761	1 201787	18.839,70	BARREIRO VAZQUEZ JOSE RAMON	Multiaplicació
	TOTAL	131.448,17 €		

7.- APROBACION DA CONTA XUSTIFICATIVA DA AEROTERMIA DO CONCELLO DE TORDOIA.-

Acordos adoptados:

1. Aprobación de todo o expediente que inclúe:

- Aprobación da conta xustificativa da subvención solicitada.

- Aprobación do proxecto e autorización conforme ao establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2017 de 10 de febreiro de Solo de Galicia.

- Que se cumpriu coa finalidade para o cal foi concedida a subvención.

- Que os gastos totais soportados por esta entidade imputables a actuación subvencionada son os que se relacionan a seguir:

ACREEDOR	CONCEPTO	Nº FACTURA	IMPORTE FACTURA	DATA EMISION	DATA RECOÑECEMENTO OBRIGA
Reformas e Instalacións Regueira	Instalación bomba de calor en Casa do Concello	086/2017	21.217,35€	11/10/2017	11/10/2017

- Que se solicitaron e obtiveron 3 ofertas de diferentes provedores:

PROVEDOR	IMPORTE	IVE	TOTAL
ECOGAS NORTE, S.L.	20.396,00€	4.283,16€	24.679,16€
REVITALIZA EN VERDE, S.R.L.	21.050,00€	4.420,50€	25.470,50€
REFORMAS E INSTALACIÓNS REGUEIRA	17.535,00€	3.682,35€	21.217,35€

- Que a elección entre as ofertas recaeu na proposta económica máis ventaxosa:

PROVEDOR	IMPORTE	IVE	TOTAL
REFORMAS E INSTALACIÓNS REGUEIRA	17.535,00€	3.682,35€	21.217,35€

- Declarar que se respectaron os procedementos de contratación pública

-Ofrecer a completa dispoñibilidade do expediente para a súa comprobación.

8.- APROBACION DA CONTA XUSTIFICATIVA DA AEROTERMIA DO CENTRO DE SAUDE DESTE CONCELLO.-

Acordos adoptados:

1. Aprobación de todo o expediente que inclúe:

- Aprobación da conta xustificativa da subvención solicitada.

- Aprobación do proxecto e autorización conforme ao establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2017 de 10 de febreiro de Solo de Galicia.

- Que se cumpriu coa finalidade para o cal foi concedida a subvención.

- Que os gastos totais soportados por esta entidade imputables a actuación subvencionada son os que se relacionan a seguir:

ACREEDOR	CONCEPTO	Nº FACTURA	IMPORTE FACTURA	DATA EMISION	DATA RECOÑECEMENTO OBRIGA
Reformas e Instalacións Regueira	Instalación bomba de calor en Casa do Concello	086/2017	21.217,35€	11/10/2017	11/10/2017

- Que se solicitaron e obtiveron 3 ofertas de diferentes provedores:

PROVEDOR	IMPORTE	IVE	TOTAL
ECOGAS NORTE, S.L.	20.396,00€	4.283,16€	24.679,16€
REVITALIZA EN VERDE, S.R.L.	21.050,00€	4.420,50€	25.470,50€
REFORMAS E INSTALACIÓNS REGUEIRA	17.535,00€	3.682,35€	21.217,35€

- Que a elección entre as ofertas recaeu na proposta económica máis ventaxosa:

PROVEDOR	IMPORTE	IVE	TOTAL
REFORMAS E INSTALACIÓNS REGUEIRA	17.535,00€	3.682,35€	21.217,35€

- Declarar que se respectaron os procedementos de contratación pública

-Ofrecer a completa dispoñibilidade do expediente para a súa comprobación.

9.- CERTIFICACIONES DE OBRA.-

Acordos adoptados:

Aprobar nos propios termos da súa redacción e recepcionar:

1.- É vista e informada favorablemente nos propios termos da súa redacción, a certificación nº 1 y Final do plan accion social (PAS) 2015, sendo a obra " Acceso a piscina e polideportivo de Pontepedra", por importe de 31.000,01.-€, emitida polo técnico director J.J.J., sendo adjudicataria OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.

2.- É vista e informada favorablemente nos propios termos da súa redacción, a certificación nº 2 y Final do convenio Deputación-Concello, sendo a obra " Camiño Pontepedra a Cooperativa e Outro", por importe de 30.315,53.-€, emitida polo técnico director don J.J.J.,, sendo adjudicataria OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. Asi mesmo ACÓRDASE a incorporación do ben

ao inventario de bens quedando afectado a finalidade pública para que foi concedida a subvención durante alomenos un prazo de cinco anos.

10.- INFORMACIONES DA ALCALDIA.-

Infórmase polo señor alcalde do seguinte:

1º De que se recibiu escrito da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en relación a concesión de subvención para o equipamento e mellora da accesibilidade da Casa de Cultura sendo o importe 11218,46€, solicitando unha axuda para este proxecto de 30.000,00€.

2º De que se recibiu notificación de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, comunicando a autorización de dona Ana Beatriz Oveja Villafañe para acudir ao Concello de Santa Comba para o desempeño do posto de Secretaria durante os días 9 e 13 de outubro de 2017.

Visto a Xunta de Goberno Local dase por enterada.

3º De que a animadora deportiva presentou unha proposta de cobramente para a piscina municipal de Tordoia.

Vista a proposta a Xunta de Goberno Local acorda deixar sobre da mesa para previo estudio.

4º Do contrato de arrendamento entre o organismo público Administrador de Infraestructuras ferroviarias (ADIF) e o Concello de Tordoia (A Coruña), para a posta en marcha da Vía Verde de Santiago de Compostela-Cerceda, no T.M., de Tordoia.

Visto a Xunta de Goberno Local acorda aceptar e aprobar, revisando as condicións do mesmo.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 13:30 horas